



2017-2019

INFORME-MEMORIA PLAN GREEN CAMPUS

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN



Oficina de Medio Ambiente
Vicerreitoría de Planificación
Económica e Infraestruturas
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Universidade da Coruña: Compromiso
social: Medio ambiente: Green Campus
2017-2019



Índice.

1. SITUACIÓN INICIAL E XUSTIFICACIÓN DE MEDIDAS.....	2
1.1. Diagnostico inicial.	2
1.2. Plan de acción.	2
2. EVIDENCIAS DO 2017.	2
2.1. Colocación de illas de residuos.	2
2.2. Actividade sobre a reciclaxe de residuos.	3
2.3. Exposición sobre a caracterización de residuos.	4
2.4. Actividade sobre residuos na Facultade.	4
2.5. Campaña para combater a fame.....	6
2.6. Xornada sobre o “Mercado eléctrico e a factura da luz”	6
2.7. Recoñecemento aos traballos máis sustentables na Facultade de Educación	7
3. EVIDENCIAS DO 2018.	7
3.1. Conferencia de Mario Salomone sobre a “Educación para a sustentabilidade”.	7
3.2. Auditoría sonora na Facultade de Ciencias da Educación.....	8
3.3. Auditoría da auga e programa de uso eficiente na Facultade de Ciencias da Educación	9
3.4. Campaña “Mellor a Pé”.....	9
3.5. Limpeza e clasificación de residuos.	10
3.6. Semana Europea de prevención de residuos.....	10
3.7. Exposición sobre a caracterización de residuos.....	11
4. EVIDENCIAS DO 2019.	11
4.1. “Campus, casa, cidade. Laboratorio do cambio.”	11
4.2. Campaña para a reutilización de papel.....	13
4.3. Auditoría da auga e programa de uso eficiente na Facultade de Ciencias da Educación.	13
4.4. Actividades no marco do proxecto “Educando para a Sustentabilidade”.	14
4.5. Fomento do uso das escaleiras para aforrar enerxía.....	15
4.6. Participación no encontro solar organizado pola OMA.	15
4.7. Iniciativa da Facultade de Ciencias da Educación ante a emerxencia climática	16
5. EVIDENCIAS CONTINUAS.....	16
5.1. Xestión das redes sociais.....	16
5.2. Campañas de concienciación.	17
5.3. Taboleiro Green Campus.	19
5.4. Laboratorios sostibles.	20
5.5. Decálogo de compromisos sostibles.	20
5.6. Campaña “Compartir vehículo”.	21
5.7. Campaña “Carril bici”.	21
5.8. A sustentabilidade nas Guías, TFG y TFM.	22
5.9. Política de calidade e outros aspectos.	22
5.10. “Premio” ao Traballo de Fin de Grado e de Master relacionado coa Sustentabilidade	23
6. CONCLUSIÓNS.....	24



1. SITUACIÓN INICIAL E XUSTIFICACIÓN DE MEDIDAS.

1.1. Diagnostico inicial.

Este estudo permítenos obter unha panorámica completa da situación da Facultade desde o punto de vista da sustentabilidade e, máis especificamente, coñecer as evidencias levadas a cabo no período 2017-2019. Todas as evidencias que se inclúen neste informe, fixéronse tendo en conta o informe de diagnóstico do 2017.

1.2. Plan de acción.

A continuación, expóñense as evidencias que forman parte do plan de acción, ferramenta que permitirá executar as actuacións dirixidas a mellorar a sustentabilidade da Facultade. Dito plan incide sobre os medios e as infraestruturas, con obxectivos a curto, medio e longo prazo, abarca aspectos sociais, económicos e ambientais e establece a prioridade das distintas actuacións no tempo (dende o 2017 ata o 2019).

2. EVIDENCIAS DO 2017.

2.1. Colocación de illas de residuos.

Co fin de ter unha Facultade máis sustentable colocáronse illas de residuos, para que sexa máis fácil separar e reciclar. Nas cinco plantas do centro agrupáronse os colectores de residuos en illas de tres unidades, destinados a papel/cartón, materia orgánica compostable e fracción seca (Resto). Ademais, na parte superior de cada illa de residuos, colócase un panel informativo para facilitar ao usuario o lugar onde ten que depositar cada un deles.



RECICLAR É AGORA UN POUCO MÁIS SINXELO.



NOVAS ILLAS DE RESIDUOS



SÓ PAPEL E CARTÓN
(PREGAR O CARTÓN,
NON ARRUGAR O
PAPEL)



**RESIDUOS DE
ENVASES E
EMBALAXES
MIXTOS**



**RESTOS
ORGÁNICOS**
(Comidas,...)

Pensa globalmente, actúa localmente

Por outra banda, colocouse un contedor de recollida de aceite para reciclar na planta -3 da Facultade e fíxose unha campaña de concienciación da contaminación que produce non reciclalo. Na mesma planta tamén se instalaron illas de residuos electrónicos. E o mesmo se fixo cun contedor de recollida de pilas para reciclar na planta 0 da Facultade.

SABÍAS QUE...

- El aceite de cocina produce un biorresiduo que **contamina el agua?**
- **1 LITRO** de aceite contamina **MIL LITROS DE AGUA**
- Cada año se gastan **750 millones de euros** en las depuradoras de agua... ¡SÓLO PARA LIMPIAR EL ACEITE!
- **EN LA PLANTA -3** (entre los ascensores y la cafetería) **HAY UN CONTENEDOR DE RECOGIDA DE ACEITE PARA RECICLAR.**

• Actúa **LOCALMENTE**, piensa **GLOBALMENTE**.



SABÍAS QUE...

- Una **pila de mercurio** tirada al mar **contamina 600.000 litros** de agua, y una alcalina **167.000 litros?**
- Una vez tirada, empieza a degradarse y a liberar en la tierra **productos altamente contaminantes** como **mercurio, litio, plomo y cadmio.**
- **En la planta 0**, al lado de los grandes contenedores de papel, **puedes reciclar tus pilas.**

• Actúa **LOCALMENTE**, piensa **GLOBALMENTE**.



2.2. Actividade sobre a reciclaxe de residuos.

Dende o Green Campus da Facultade de Ciencias da Educación, en colaboración coa Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), a OMA e o Green Campus doutras Facultades da UDC, organizouse unha actividade sobre a reciclaxe de residuos. Nesta actividade pesouse a materia orgánica, inorgánica e papel e cartón que contiña cada contedor de lixo, e calculouse a porcentaxe que non correspondía a ese contedor. A continuación realizouse carteis para as novas illas de reciclaxe co obxectivo de concienciar.



2.3. Exposición sobre a caracterización de residuos.

Exposición sobre a actividade de caracterización de residuos organizada polo Green Campus da Facultade en conxunto coa OMA.



2.4. Actividade sobre residuos na Facultade.



Celebrouse unha conferencia sobre a problemática dos residuos e se distribuíron pola Facultade uns paneis informativos co fin de mellorar a súa separación: orgánico, inorgánico e papel, que se completou ao longo das seguintes dúas semanas coa instalación de máis puntos limpos e máis actividades como, por exemplo, ir polas aulas para explicar onde están situados os puntos limpos e a importancia que ten separar os residuos.



Resultados da recollida e separada de residuos na Facultade de Ciencias da Educación.

En conxunto, a calidade dos materiais nos contedores mellorou en todos os casos, incrementándose a porcentaxe de materiais propios que alcanzaron cifras próximas ao 70% na bolsas verde e amarela, e ao 95% no contedor de papel/cartón. A presenza de papel nas bolsas verde e amarela foi moi reducida (1,4 e 0,9%, respectivamente). Os impropios no contedor de papel correspondendo sobre todo a envases (3,6%) e en menor medida residuos orgánicos (1,6%).

Contedor	Feb 2017	Maio 2017
FSRM	60,4±24,7%	67,0±21,1
FORM	57,8±13,8%	71,5±22,1
P/C	61,1±33,0%	94,8±5,2



2.5. Campaña para combater a fame.

Creouse un espazo na entrada da cafetería para colaborar na campaña para combater a fame lanzada pola Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade e a OMA.



2.6. Xornada sobre o “Mercado eléctrico e a factura da luz”.

Organizouse unha conferencia impartida por Xosé Manuel Golpe Acuña, técnico especialista en Enerxías Renovables e Consultor enerxético a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña para saber que o que están a cobrar as eléctricas nas facturas e coñecer sobre como aforrar coas novas alternativas existentes no mercado.



2.7. Recoñecemento aos traballos máis sustentables na Facultade de Educación.

Evento organizado polo Comité Ambiental do programa Green Campus do centro e na que se fixo entrega dun recoñecemento especial a aqueles Traballos Fin de Grao e Fin de Mestrado do curso 2016-2017 que mellor integraron desde o ámbito educativo as dimensións da sustentabilidade nos seus proxectos.



3. EVIDENCIAS DO 2018.

3.1. Conferencia de Mario Salomone sobre a “Educación para a sustentabilidade”.



3.2. Auditoría sonora na Facultade de Ciencias da Educación.


Coa finalidade de coñecer a situación actual da problemática da contaminación acústica, no curso 2017-2018, levouse a cabo unha auditoría sonora na Facultade, no Campus e en diferentes zonas da Coruña. Para isto, se tomaron medidas dos niveis de ruído, en decibelios, en distintos puntos cos seguintes obxectivos: realizar un diagnóstico, interpretar a realidade, coñecer o punto de partida e realizar propostas de mellora a partir dos datos obtidos, establecendo el pertinente plan de actuación:

- Instalar fiestras de dobre cristal ou dobres fiestras.
- En canto ao teito, unha opción viable sería instalar zonas verdes nel porque así prevén a entrada de moitas vibracións sonoras.
- Colocar debaixo de todos os altofalantes das aulas, unha placa de espuma de poliuretano ou goma dun espesor mínimo de 10 cm para reducir as vibracións que se filtran a través das infraestruturas sobre as que se atopa apoiado o altofalante.
- Incluír en todas as cadeiras e mesas protectores de fieltro para evitar os ruidos que se producen ao arrastrar estes mobles.
- Cubrir as paredes con placas de pladur ou cortiza, xa que son os mellores illantes acústicos.
- No chan poderíase colocar parqué flotante, o cal está formado por dúas capas de madeira de alta densidade, ademais dunha capa illante intermedia.

Deste plan de actuación, as evidencias que se levaron a cabo foron as seguintes:

- Colocar debaixo de todos os altofalantes das aulas, unha placa de espuma de poliuretano ou goma dun espesor mínimo de 10 cm para reducir as vibracións que se filtran a través das infraestruturas sobre as que se atopa apoiado o altofalante.
- Incluír en todas as cadeiras e mesas protectores de fieltro para evitar os ruidos que se producen ao arrastrar estes mobles.

O resto das actuacións intentarase levar a cabo, na medida do posible, na maior brevidade.



3.3. Auditoría da auga e programa de uso eficiente na Facultade de Ciencias da Educación

Coa base teórica do módulo de Obradoiro de Auditoría da auga, distribuíronse grupos para levar a cabo as actuacións de inventariado e medidas de axuste en todos os baños do centro. Nesta Facultade non foi posíbel a instalación de perlizadores debido á incompatibilidade das billas. A medida a tomar neste caso foi o axuste de chaves, e tomouse a recomendación so o arranxo das 20 unidades de chaves para o axuste de caudal, pois é una actuación de baixo custo.


Resultados:

- Redución global: 19%
- Redución nas billas axustadas: 60%
- Nº chaves que poderían ter arranxo/recambio: 20
- Recomendación: actuación sobre as 20 chaves que poden ter arranxo/recambio.



3.4. Campaña “Mellor a Pé”.

O Green Campus da Facultade organizou a colocación de carteis “Mellor a Pé” por toda a Facultade para a concienciación do uso das escaleiras fronte ao ascensor, e así aforrar enerxía e gañar en saúde.



3.5. Limpeza e clasificación de residuos.

Actividade de limpeza e clasificación de residuos realizada polo alumnado de 3º B de Educación Primaria na Facultade en colaboración co Green Campus da Facultade, a cal tivo continuidade ao longo do curso.




3.6. Semana Europea de prevención de residuos.

A Facultade de Ciencias da Educación participou na semana Europea da prevención de residuos, cunha caracterización dos residuos producidos.



3.7. Exposición sobre a caracterización de residuos.

No marco da semana Europea da Prevención de residuos, o Green Campus da Facultade en colaboración coa OMA, fixo unha exposición sobre a actividade de caracterización de residuos.



4. EVIDENCIAS DO 2019.

4.1. “Campus, casa, cidade. Laboratorio do cambio.”

Realizáronse unha serie de obradoiros sobre a educación para a sustentabilidade na nosa Facultade:


- 29 de xaneiro: A pegada ecolóxica. A pegada da auga. A contaminación acústica.
- 5 de Febreiro: Uso sostible das TIC e ferramentas para a xeferencia participativa.

Conferencia sobre o uso sostible das TIC e ferramentas para a xeferencia participativa, impartida polo profesor Alberto Varela, da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos.



- 12 de Febreiro: Auditoría da auga e da enerxía na casa e no centro.

Fíxose unha auditoría do consumo de auga, e unha vez analizados os datos, reguláronse as chaves de paso para reducir o caudal de auga e, finalmente, deuse información para a mellora do consumo e tamén como facer nos fogares para aforrar auga.



- 19 de Febreiro: ReciclaXe. Recollida separada dos residuos. Compostaxe.

CAMPUS, CASA, CIDADE
LABORATORIOS DO CAMBIO

Educando para a
SUSTENTABILIDADE

OBRADOIROS 2019 DO 29 DE XANEIRO AO 19 DE FEBREIRO



FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN Aula -1/3. 11:30 – 13 h.

- 29 de Xaneiro: A pegada ecolóxica. A pegada da auga. A contaminación acústica
- 5 de febreiro: Uso sostible das TIC e ferramentas para a xerencia participativa
- 12 de febreiro: Auditoría da Auga e da enerxía na casa e no centro
- 19 de febreiro: ReciclaXe. Recollida separada dos residuos. Compostaxe

Imprescindible inscrición previa.
Mais info: oma2@usc.gal



Organización: OMA. Financiamento: Fundación Alcoa
Participación gratuíta
Certificado de asistencia e aproveitamento polo IUDC
Recoñecemento de créditos para estudantes de grao da UOC

4.2. Campaña para a reutilización de papel.

Dende o Green Campus da Facultade, instaláronse dous puntos nos que se pode depositar ou coller papel que só estea usado por unha cara (un ao lado de reprografía e outro na planta -2), para así poder reutilizalo.



4.3. Auditoría da auga e programa de uso eficiente na Facultade de Ciencias da Educación.

Características das billas e cisternas WC ou fluxores nos centros Green Campus da UDC (2015).

Centre	FCE
Timed push-button tap (nº)	59
Flow (L/min)	
Mean	5.9
Max	8.4
Min	3.6
St. Dev.	1.6
Pulse time (s)	
Mean	11.8
Max	15.5
Min	9.1
St. Dev.	2.0
Discharge volume (L)	
Mean	1.45
Max	8.50
Min	0.27
St. Dev.	1.03
Other tap models (nº)	2
Single flush cisterns (SF) and fluxors (SFF) ^c	51(SFF) 2 (SF)

Resultados da ecoauditoría da auga e accións realizadas en billas de lavabos de diferentes centros Green Campus de la UDC.

	Campus	Course	Nº	Q previous (L/min)			Qm posterior	Reduction (%)	Aerators	Valves (nº)	
				Qmx	Qm	(L/min)	Global	Partial	Installed (nº)	Adjusted	Reparation
FCE	C	2017-2018	40	10	4.6±2.3	3.7±2.2	18.9	60.1	0	11	20
FCE	C	2018-2019	48	15.0	4.4±2.5	2.4±1.2	46.8	59.5	0	34	10

Pódese observar unha diminución do consumo da auga desde o ano 2015 ata o 2019.

No curso 2017-2018: entre 4.6±2.3 e 3.7±2.2, media 4,2 L/min, redución do 28,8% respecto a 2015.

No curso 2018-2019: entre 4.4±2.5 e 2.4±1.2, media 3,4 L/min, redución do 42,4% respecto a 2015.

4.4. Actividades no marco do proxecto “Educando para a Sustentabilidade”.

Conferencia sobre a investigación para a sustentabilidade nas Universidades, a situación actual da rede europea de Universidades sustentables e actuacións prácticas nos campus para facelos máis sustentables impartida pola Profesora Sandra Ferreira da Universidade Nova de Lisboa.

Educando para a SUSTENTABILIDADE



Martes 19 de febreiro

16:00 h > Investigación para a sustentabilidade das Universidades
Sandra Sofia Ferreira da Silva Caeiro, Inter-University Sustainable Development Research Programme (IUSDRP), Universidade Aberta de Lisboa
Onde? Facultade de Ciencias da Educación, Salón de Actos (Elviña)

Mércores 20 de febreiro

12:00 h > Antropoxia da bicicleta e mobilidade sustentábel nas cidades
Victoria Quintero, Dept. Antropoloxía Social, Psicoloxía, Básica e Saúde Pública, Universidade Pablo de Olavide.
Onde? Facultades de Socioloxía e Comunicación, Salón de Graos (Elviña)

Xoves 21 de febreiro

11:00 h > Factura da luz e mercado eléctrico
Xosé Manuel Golpe, Técnico especialista en Enerxías Renovábeis, FAEPAC.
Onde? Universidade Sénior (Riazor)

16:00 h > Actualidade na mobilidade da Coruña e a UDC: menos fumes?
Miguel Esteban Barredo (Concellería de Mobilidade, Concello da Coruña), Francisco García Campo (Asociación Mobi-Liza)
Onde? Facultade de Socioloxía e Ciencias da Comunicación, Salón de Graos (Elviña)

Venres 22 de febreiro

11:00 h > Ecodeseño con plásticos
Mª do Rosario Vidal Nadal, Catedrática Universitat Jaume I, Grupo Enx. do deseño. Materia "Produto e medio ambiente".
Onde? Escola Universitaria de Deseño Industrial (EUOI-UDC), Aula de Audiovisuais (Esteiro)

16:00 h > Exercicio e saúde: A prevención primaria e secundaria a través da prescrición do exercicio
20:00 h > Fernando Ramos e Ana Lista Paz, UDC
Daniel Catalán, Universidad Carlos III de Madrid
Irene Cantarero, Universidad de Granada
Onde? Facultade de Fisioterapia, Salón de Actos (Oza)

Luns 25 de febreiro

16:00 h > O papel da Educación Superior no Desenvolvemento Sustentábel
Rosa Bo Bonet, Decana Facultad de Filosofía y Ciencias de la Educación, Universidad de Valencia.
Onde? Facultade de Humanidades, Salón de actos (Esteiro)

Mércores 27 de febreiro

17:00 h > A política europea de Economía Circular
Jean Pierre Marnequart, Presidente da Fundación para a Economía Circular, Ex-director do Instituto de Bruselas para a Xestión do Ambiente.
Onde? Facultade de Economía e Empresa, Salón de Graos (Elviña)

Xoves 28 de febreiro

11:00 h > Enerxía, auga e residuos na UDC
Jesús Gz, Técnico Superior de Mantementos da UDC
Verónica Torrijos, Técnica da Oficina de Medio Ambiente da UDC.
Onde? Universidade Sénior (Riazor)

13:00 h > Contaminación luminosa. A noite é necesaria
Martin Pawley, Coordinador OT Contaminación Luminosa da Agrupación Astronómica Coruñesa (A.A.), Premio FAAE 2018 á divulgación astronómica
Onde? ETS de Camiños, Canais e Portos (Elviña)

16:30 h > Sustentabilidade e xacementos de emprego verde
Luis M. Jiménez Herrero, Pde. da Asociación para la Sustentabilidad y Progreso de las Sociedades (ASPPS), ex-Dir. do Observatorio de la Sostenibilidad de España.
Onde? Facultade de Ciencias do Traballo, Aula Magna (Esteiro)

4.5. Fomento do uso das escaleiras para aforrar enerxía.

A área de Didáctica da Expresión Musical, en colaboración co Green Campus da Facultade, instalou un piano nas escaleiras da Facultade entre o andar 0 e o -1. Desta forma, se fomentaba u uso delas en vez do ascensor e se animaba a descubrir o seu son, á que se botaba unha man ó medio ambiente aforrando enerxía



4.6. Participación no encontro solar organizado pola OMA.

Visita ás cubertas do CITIC para ver como funciona este edificio autosostido e asistencia a un xantar colectivo, empregando fornos e cociñas solares, dándolle visibilidade ao aproveitamento desta enerxía limpa e inesgotable.





4.7. Iniciativa da Facultade de Ciencias da Educación ante a emerxencia climática.

Co fin de sumarse ás iniciativas que se están a levar a cabo a nivel mundial a prol da emerxencia climática, a Facultade de Ciencias da Educación, xunto ao Gren Campus da mesma, convocou unha concentración durante 5 minutos o 27 de setembro ás 12h na planta 0 da Facultade.

Tamén se animou á comunidade educativa a participar na XII Limpeza simultánea de ríos organizado pola OMA da Universidade da Coruña no marco dos "Fridays for Future".

Por último, o alumnado de Educación Social en colaboración co Vicedecanato de Sustentabilidade e o Green Campus da Facultade, organizou unha asemblea con motivo da folga pola emerxencia climática. Nela abordáronse diversos temas sobre como contribuír na mellora do planeta e de que maneira reducir as emisións de CO₂.



5. EVIDENCIAS CONTINUAS.

5.1. Xestión das redes sociais.

Xestión da páxina de Facebook de Green Campus (<https://www.facebook.com/greencampuseducacionudc/>).

Green Campus - Facultade CC da Educación UDC
@greencampuseducacionudc

Inicio
Publicaciones
Opiniones
Fotos
Eventos
Información
Comunidad

Crear una página


Green Flag has been awarded to:
Facultad de Educación de la Universidad de A Coruña
In recognition of their efforts in working towards a sustainable lifestyle, this faculty is hereby designated a Green Campus since academic year 2016/17.

Aún no tienes calificación

Comunidad
Ver todo
Invita a tus amigos a indicar que les gusta esta página
A 235 personas les gusta esto
246 personas siguen esto
A Susana Carballal Graña le gusta esto o ha registrado una visita
13 visitas


Información
Ver todo
Facultade Ciencias da Educación, Campus de Eivía
15071 La Coruña
Cómo llegar

Xestión do Instagram de Green Campus (https://www.instagram.com/green_campus_cce/?hl=es).



5.2. Campañas de concienciación.

Para fomentar o aforro de luz e auga na nosa Facultade, dende o Green Campus da Facultade colocouse, ao longo de todo o ano, carteis informativos concienciando da importancia dun consumo responsable en distintos puntos estratéxicos da Facultade.





AQUÍ podes aforrar medio depósito

Móstrate respectuos@ co medio ambiente
Consume auga de forma responsábel

Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA
VICERREITORÍA DE ECONOMÍA, INFRAESTRUTURAS E SUSTENTABILIDADE

AFORRA ENERXÍA
SALVAGARDA O MEDIO AMBIENTE

APAGA
os
EQUIPOS
INFORMÁTICOS

*E as luces das
mesas de traballo!*

Green-Campus OMA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ACENDE SÓ
CANDO SEXA
NECESARIO

*Apaga a luz
cando remates*



AFORRA ENERXÍA
Protexe o Medio Ambiente

FACULTADE CC. DA EDUCACIÓN

AFORRA ENERXÍA
SALVAGARDA O MEDIO AMBIENTE

EVITA
o uso do
ASCENSOR

Aforras enerxía...
E mellora túa saúde!

Green-Campus OMA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

AUGA EMBOTELLADA

Segundo o informe "Bottled Water: Understanding a Social Phenomenon" encargado por WWF (World Wide Fund for Nature) as **PRINCIPAIS RAZÓNS DO USO DA AUGA EMBOTELLADA (MITOS)** son:

- 1) A auga da billa ten peor sabor: Isto non significa que non sexa potábel, o uso de filtro ou deixala durante media hora nunha xerra aberta e introducila despois na neveira pode evitar este problema.
- 2) A auga embotellada é máis segura: As augas destinadas ao abastecemento público son constantemente analizadas para asegurar a súa potabilidade.
- 3) A auga embotellada é máis saudábel: Calquera característica da auga embotellada que a faga preferíbel a outras bebidas, é compartida pola auga da billa.
- 4) A auga embotellada é máis natural: Hai distintas clases de auga embotellada: Auga Mineral Natural, Auga de Manancial e Auga Purificada, todas tratadas para o seu consumo. A maioría das diferencias coa auga da billa son a presentación e o prezo.

VS

AUGA DA BILLA



É gratuita



Emprega menos combustibles fósiles

A auga embotellada custa entre 500 e 1000 veces máis que a auga da billa.
Para o medio ambiente as consecuencias son moi importantes:
Os envases de plástico, consomen moitos recursos e contaminan na súa fabricación.
O transporte tamén ten un gran impacto ambiental.
Os residuos producidos ao desbotar os envases.
A explotación dos mananciais subterráneos, algún deles en países do Terceiro Mundo con escaseza de auga.

INFÓRMATE, AVALÍA AS CONSECUCIAS E ESCOLLE QUE IMPACTO QUERES TER SOBRE O MEDIO AMBIENTE



Moitos centros da UDC contan con fontes de auga refrixerada É A MELLOR OPCIÓN!

5.3. Taboleiro Green Campus.

Na planta 0 da Facultade, Green Campus dispón dun taboleiro onde se anuncian as actividades que organiza o Comité Ambiental e tamén diferentes carteis informativos e de concienciación da importancia de coidar o medio ambiente.



5.4. Laboratorios sostibles.

O Green Campus da Facultade, na liña do que se fixo no resto do edificio, instalou cubos de reciclaxe nos laboratorios. Cabe sinalar que nestes tamén se fomenta a reutilización de residuos.

Tamén existe contacto coa empresa de Vending co fin de realizar compras sostibles para os laboratorios.



5.5. Decálogo de compromisos sostibles.

O Green Campus da Facultade elaborou un Decálogo de compromisos sostibles destinado tanto ao profesorado como ao alumnado da Facultade. Este decálogo foi difundido a través das redes sociais (Facebook e Instagram) e a través do nosos taboleiro de Green Campus. Ademais, está incluído na páxina web da Facultade (<http://www.educacion.udc.es/documentos/green-campus/documentos/Decalogo-de-compromisos.pdf>).



DECÁLOGO DE COMPROMISOS PARA AS PERSOAS DOCENTES E ESTUDANTADO DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

AFORRO ENERXÉTICO:

1. Fai uso da luz natural sempre que poidas; abre as persianas das aulas polo día.
2. En caso de facer uso de luz artificial, apaga cando remates, tanto na aula ou no despacho, como nas mesas de traballo. Desconecta tamén todos os equipos que estean enchufados.
3. Cerra todas as portas para manter a temperatura estable, e apaga a calefacción sempre que poidas.
4. Evita o uso do ascensor cando sexa posible.
5. Asegúrate de pechar os grifos de auga cando remates, e en caso de observar algunha perda de auga avisa. Fai un uso responsable do papel hixiénico.

AFORRO DE MATERIAIS


6. Facilita e consulta os documentos de clase en versión dixital sempre que poidas.
7. Esixe ou entrega os traballos en versión dixital. En caso de ter que facelo a papel, procura que seña a dobre cara e en branco e negro, e utilizando papel reciclado. Antes de tirar un papel, úsalo como borrador.
8. Recicla dentro das posibilidades da facultade: pilas, aceite, papel, cartón, orgánico, inorgánico, etc.

CONCIENCIACIÓN


9. Mantén limpa a Facultade. Non fumes en lugares non permitidos.
10. Informa a teus compañeiros e compañeiras sobre o Programa Green Campus. Dille a túa profesora ou profesor que traballe aspectos de Educación Ambiental nas aulas.

5.6. Campaña “Compartir vehículo”.

A través da campaña “Compartir vehículo”, dende o Green Campus da Facultade promoveuse a posibilidade de reducir o emprego innecesario de vehículos compartindo as prazas libres dos vehículos entre o alumnado.




Máis da metade das persoas que ven en coche á facultade **só ocupan unha praza** dentro do seu vehículo. A súa.
Se tes coche e ves normalmente a facultade en el podes ofrecer as prazas baleiras.
Ou podes empregar as prazas doutros coches e deixar o teu na casa.
Dámosche a posibilidade de poñerte en contacto con máis xente da facultade e compartir espazo.
Só tes que cubrir a ficha que deixamos no tablón Green Campus (na planta 0) ou empregar o noso Facebook!
Coidarás o medioambiente e aforrarás gasolina e diñeiro!



5.7. Campaña “Carril bici”.

Dende o Green Campus da Facultade, e a través da campaña “Carril bici”, promoveuse a posibilidade de empregar as bicicletas como medio de transporte ata a universidade, proporcionando unha ruta por un carril bici ata a Facultade.





5.8. A sustentabilidade nas Guías, TFG y TFM.

Dende o Green Campus da Facultade:

- Propúxose un plan de ambientalización curricular na Facultade de Ciencias da Educación DA UDC: <http://www.educacion.udc.es/documentos/green-campus/documentos/plambcurrlic.pdf>
- Creouse unha guía con exemplos sobre competencias sostibles nas guías docentes: <http://www.educacion.udc.es/documentos/green-campus/documentos/COMPETENCIAS-SOSTENIBLES-GUIAS.pdf>
- Ademais, promovéronse diversas accións para fomentar a sustentabilidade nas diversas materias:
 - Entrega de traballos a través da plataforma Moodle, en formato dixital, sen necesidade de imprimilos.
 - Non empregar plásticos, de ser necesaria a impresión, elixir a impresión a dobre cara, empregando papel reciclado e evitar imprimir borradores.
 - Facer un uso sustentable dos recursos e evitar impactos negativos sobre o medio natural.
 - Ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

Para as propias competencias básicas de título, foron aprobadas novas competencias transversais para os títulos da UDC:

- B13. Capacidade para actuar de maneira sustentable na defensa do medio ambiente

Tamén se incluíron nas aprendizaxe das materias aspectos referidos á sustentabilidade. A modo de exemplo, poderíanse citar as seguintes materias:

- “Didáctica da educación ambiental e para a sustentabilidade” do Grao en Educación Infantil: Valorar a importancia de concienciarse e adquirir os coñecementos necesarios para actuar sustentablemente.
- “Didáctica das ciencias experimentais” do Mestrado Universitario de Profesorado de Educación Secundaria: Recoñecer e valorar a relevancia da alfabetización científica-ambiental para actuar sostiblemente a favor do medio.

Nas guías do Mestrado e do TFM de Secundaria tamén se engadiron competencias:

- Coñecer a utilización sostible de recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.
- Valorar a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

En canto ao profesorado:

- Actividades formativas, metodoloxías docentes y sistemas de avaliación.
- TFG e TFM sostibles.

5.9. Política de calidade e outros aspectos.

En canto á política de calidade da Facultade de Ciencias da Educación, tense recollido distintos aspectos relacionados coa sustentabilidade (<http://www.educacion.udc.es/documentos/calidade/2018/Politica-de-calidad-y-objetivos-Web.pdf>):

- **Misión:**
 - Formación e capacitación técnica e directa de profesionais que asuman a súa contribución ao ben común e a responsabilidade social e ambiental.
 - Compromiso coa mellora da educación, da saúde, do benestar da comunidade e do medio ambiente.



- **Valores:**
 - compromiso e a responsabilidade social para contribuír activamente á mellora do sistema socioeconómico e do medio ambiente do noso entorno...
 - A eficiencia, como responsables da xestión de recursos públicos para conseguir o seu uso eficaz e sostible...
 - A calidade como meta e vontade de mellora continua na docencia, na investigación, na xestión e nos servizos, co fin de alcanzar maiores cuotas de benestar social e ambiental.
- **Unha Facultade responsable do seu impacto ambiental.**
 - Sensibilizar á comunidade educativa sobre a necesidade de asumir unha ética e unhas actuacións sostibles:
- **Indicadores:**
 - Número de accións desenvoltas...
 - Número de guías docentes que promovan a ambientalización curricular e sensibilicen sobre a necesidade de asumir unha ética e actuacións sostibles.
 - Mellorar a eficiencia enerxética, auga, residuos...
 - Número de luces led existentes.
 - Número de equipamentos destinados para o reciclado de papel, vidro, orgánicos e inorgánicos.
 - Número de difusores existentes para reducir o consumo de auga.

Por outra banda, dende o Green Campus da Facultade:

- Seguíuse coa promoción para que a cafetería da Facultade deposite os residuos orgánicos no composteiro. Ademais, insístiuse na importancia de evitar consumo de vasos de plástico e o emprego de xerras de auga co fin de diminuír o consumo de auga embotellada.
- Elaborouse un manual de boas prácticas sostibles, responsables e solidarias para a celebración de eventos na Facultade de Ciencias da Educación: <http://www.educacion.udc.es/documentos/green-campus/documentos/GUIA-EVENTOS-SOSTENIBLES.pdf>
- Diversos membros da Comisión Ambiental do Green Campus da Facultade participaron como asistentes e como poñentes no seminario sobre “Estratexias participativas e modelos educativos para a sustentabilidade”, celebrados na Facultade de Ciencias da Educación da UDC o 11 de outubro.

5.10. “Premio” ao Traballo de Fin de Grado e de Master relacionado coa Sustentabilidade.

O Comité Ambiental de Green Campus da Facultade de Ciencias da Educación da UDC propón que se estableza o Premio ao Traballo de Fin de Grado de Sustentabilidade en Educación Infantil y Primaria e de Traballo de Fin de Mestrado nos Mestrados da Facultade co obxectivo de dar visibilidade e relevancia aos traballos presentados polo alumnado relacionados con esta temática, que integren desde o ámbito educativo as dimensións da Sustentabilidade no seus proxectos.

Preténdese así resaltar a importancia do Desenvolvemento Sostible, por ser uns dos aspectos que se deben traballar segundo o plan de acción establecido no programa Green Campus (ambientalización curricular), a nivel da UDC e, en concreto, na nosa Facultade, para promover as actuacións do alumnado neste campo, tal como se recoñece nas competencias das distintas titulacións e másteres, co fin de concienciar desde a Educación.



6. CONCLUSIÓNS

Tendo en conta as evidencias presentadas neste Informe comprendidas entre os anos 2017 e 2019 e contextualizadas na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña, pódense extraer as seguintes conclusións:

- En relación á recollida separada de residuos, en xeral incrementouse a porcentaxe de materiais propios en cada un dos contedores, sobre todo no contedor de papel/cartón (azul), aínda que nos de materia orgánica (verde) e residuos de envases e mixtos (amarela) tamén foron moi elevados.
- No relativo ao consumo da auga, houbo diminución do mesmo de forma progresiva cada ano, sobre todo nas billas que xa están axustadas. Ademais, promocionouse o consumo de auga non embotellada, empregando a fonte de auga que hai na Facultade.
- Do plan de actuación da auditoría sonora, leváronse a cabo as seguintes evidencias:
 - Colocar debaixo de todos os altosfalantes das aulas, unha placa de espuma de poliuretano ou goma dun espesor mínimo de 10 cm para reducir as vibracións que se filtran a través das infraestruturas sobre as que se atopa apoiado o altosfalante.
 - Incluír en todas as cadeiras e mesas protectores de fieltro para evitar os ruidos que se producen ao arrastrar estes mobles.
- Os laboratorios da Facultade comezaron a seguir a liña de reciclaxe e reutilización de residuos, así como se contactou coa empresa de Vending co fin de realizar compras sostibles
- As páxinas web de Facebook e Instagram de Green Campus actualízanse semanalmente, engadindo contidos a desenvolver na Facultade e acontecementos que se van a desenvolver para que os usuarios estean informados.
- Na cafetería da Facultade houbo implicación na deposición de residuos orgánicos para realizar a compostaxe. Ademais, houbo concienciación para a diminución do consumo de vasos de plástico e comezaron a empregarse xerras de auga co fin de diminuír o consumo de auga embotellada.
- Tendo en conta todo o dito, considérase que diversas iniciativas que se fan na Facultade poderían externalizarse a outras. Neste sentido:
 - A ambientalización curricular, a cal consolidou a incorporación da dimensión ambiental das guías docentes das materias de graos e mestrados.
 - Os premios ao mellor TFG/TFM relacionados coa sustentabilidade que actualmente convoca a UDC, os cales son orixinarios da nosa Facultade.
 - A eliminación da entrega de TFG e Practicum impresos, así como todos os documentos da xestión que o engloban, co fin de favorecer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o entorno. Toda a xestión pasouse a facer de forma dixital mediante unha APP á que teñen acceso alumnado e profesorado. Facultades como a de Ciencias, o Campus de Oza e o de Ferrol importaron esta idea de suxerir a non entrega de traballos impresos.
 - Manual de boas prácticas sostibles, responsables e solidarias para a celebración de eventos na Facultade de Ciencias da Educación.



Finalmente, dende o Green Campus da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña propóñense unha serie de medidas que poderán levarse a cabo a curto prazo na Facultade:

- Para que persista a melloría na recollida de residuos, o consumo da auga e da luz, e se siga coa concienciación ao alumnado para que actúe, seguirán facéndose campañas e actividades, e se continuará traballando nese sentido na liña das propostas de economía circular na que participan membros do Comité Ambiental a nivel das tres Universidades galegas.
- Concretamente, do plan de actuación da auditoría sonora, intentaranse levar a cabo, na medida do posible e na maior brevidade, as seguintes actuacións:
 - Instalar fiestras de dobre cristal ou dobres fiestras.
 - En canto ao teito, unha opción viable sería instalar zonas verdes nel porque así prevén a entrada de moitas vibracións sonoras.
 - Cubrir as paredes con placas de pladur ou cortiza, xa que son os mellores illantes acústicos.
 - No chan poderíase colocar parqué flotante, o cal está formado por dúas capas de madeira de alta densidade, ademais dunha capa illante intermedia.
- Estase no proceso de instalar dúas fontes novas de auga para que a comunidade universitaria poida facer uso delas, reducindo así o consumo de auga embotellada.
- Desenvolveranse xornadas ou congresos onde se traballen aspectos relacionados coa sustentabilidade, co fin de animar á participación de alumnado, PDI e PAS da Facultade. Neste sentido, xa está programado o que se celebrará o 2 e 3 de decembro de 2019 na nosa Facultade: https://www.udc.es/es/sociedade/medio_ambiente/simposio-internacional-campus-sustentabel/
- Levarase á próxima xunta do Comité Ambiental a proposta “profesores ecolóxicos”. Esta consistirá en que, quen no seu despacho dispoña dun lugar específico para depositar o papel e se comprometa a levalo ao contedor azul que está situado na illa correspondente, se lle conceda a insignia de “profesor ecolóxico” para colocar baixo o seu nome na porta do seu despacho.
- Tamén se propondrá a creación dun buzón de suxerencias para que PDI, PAS e alumnado poidan enviar propostas de mellorar de cara a manter unha Facultade máis sostible.